

¿Pode ser *coche* de orixe húngara?

Lajos Asztalos

Actualmente, excepto algunhas linguas pequenas, illadas na selva amazónica ou noutras rexións semellantes, non existe idioma sen influencia doutros, sen palabras prestadas doutras linguas, dos pobos veciños ou dos máis distantes. Por suposto, as linguas máis pequenas recibiron e reciben máis palabras cás grandes. Mais acontece que tamén os idiomas grandes toman prestadas palabras dos máis pequenos. Así ocorreu coa palabra húngara *Kocsi* ['kotʃi] 'coche', aínda que nos séculos XV-XVI, cando esta palabra comezou a súa viaxe, o húngaro non era unha lingua pequena, dado que naquel entón falábana uns 4 - 4,5 millóns de almas, coma o inglés.

A palabra, cunha significación moi próxima á do húngaro, existe ata hoxe en varias linguas. Como por exemplo o *Kutsche* ['kutʃe] (antigamente tamén *Kotschi*, *gotschi*) alemán, o *coche* francés, o *coche* castelán, o *kotxe* éuscaro, o *coche* galego, o *cocchi*, *cocchio* (antigamente *coccio* ['kotʃio]) italiano, o *kočija* [ko'tʃija] serbocroato, o *kočar* (['kotʃar]), antigamente *koczy* ['kotʃi]) checo, o *koč* [kotʃ] eslovaco, o *kocz* [kotʃ] polaco, o *koçu* ['kotʃu] (antigamente *koçi*) turco, o *cocie* [ko'tʃije] dialectal romanés (de Transilvania), o *coach* ['kɔwtʃ] inglés, o *goetse* ['gutsə] flamengo, o *koets* [kuts] holandés, o *kusk* sueco. O mesmo vehículo en Asia Menor e na rexión do Cáucaso chámase "maxiar", ou sexa 'húngaro'.

En varias linguas, segundo as esixencias da nosa época, o sentido da palabra ampliouse. O *coach* inglés hoxe significa tamén 'vagón', 'autobús interurbano'; nos Estados Unidos de América, 'coche con dúas portas'; o *coche d'eau* francés é 'autobús fluvial'.

A máis próxima en sentidos á palabra húngara é o castelán *coche*. Ó lado do sentido tradicional 'carruaxe de catro rodas tirada por un cabalo ou máis cabalos', hai, como en húngaro, o *coche* 'automóbil', 'vagón', o *coche fúnebre*, o *~ de alquiler*, o *~ de carreras*, o *~ celular*, o *~ deportivo*, o *~ escala*, o *~ patrulla*, o *~ usado*, etc.

Todas as edicións do *Diccionario da la Lengua Española* publicadas pola institución lingüística máis representativa de España, a Real Academia, derivan o *coche* do maxiar *kocsi*. A mesma opinión teñen tamén outros dicionarios do castelán, como por exemplo o *Diccionario Enciclopédico Espasa I* (Espasa Calpe, Madrid, 1993). O *Diccionario Xerais da Lingua* (Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1993), o dicionario máis completo do galego moderno, sostén a mesma opinión.

Ó contrario, o *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico* (DCECH) de Joan Corominas e José A. Pascual (Ed. Gredos, Madrid, 1980-1991), opina que:

“*coche*, é incerto se procede do húngaro ou do checo. 1º doc.: 1548, Luis de Ávila (*Guerra de Alem.*, ed. Venecia, 1553, p. 64, cita de Cabrera): “Púxose a durmir nun carro cuberto, ó que en Hungría chaman *coche*, o nome e a invención é daquela terra”. Como voz propiamente castelá atopase desde 1596 (Fonseca)”.

O testemuño de Ávila e outros testemuños antigos no mesmo sentido favorables a Hungría non son concluíntes, dada a confusión corrente entre Hungría e Eslovaquia. Admiten orixe húngara Schuchardt, *ZRPh* XV, 88 ss., e Tolnai, *Rev. des Ét. Hongr. et Finno-Ougr.* III. 51 ss.; adoita admitirse que o húngaro *kocsi* [ˈkotʃi] vén do nome da poboación de *Kocs* [kotʃ], nun momento en que houbo un cambio de coches na liña Viena-Budapest. Mais K. Tiltz (vid. *Rom.* LV., 602) sinalou un exemplo alemán de *koczi* [ˈkotʃi] nun texto escrito en Košice, Eslovaquia, en 1440, antes de que se inaugurara esta liña de coches; tamén *calesa* é de orixe checa. Da mesma orixe é o alem. *kutsche* (1562), it. *cocchio*, fr. *coche* (1545).

O mesmo Joan Corominas publica no seu *Breve Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana* (Ed. Gredos, Madrid, 1990) o seguinte: “*coche*, 1548. É incerto se procede do húngaro *kocsi* ou do eslovaco *koči* id. (que se pronuncian igual)”.

Non se sabe cal é o motivo polo que os autores dos dous dicionarios mencionados negan tan decididamente unha evidencia tan clara como é a procedencia da palabra *coche*. A pesar de que do texto de Ávila se ve moi claramente a súa orixe húngara, eles din que non, que pode ser tamén de procedencia checa. Mais en vez de demostrar esta falan dunha confusión entre Hungría e Eslovaquia. Ben, pero ¿que ten que ver esta confusión coa eventual orixe checa da palabra? Despois, no segundo dicionario xa se fala de súa procedencia eslovaca.

Mais na realidade a confusión existe só no texto de DCECH, porque:

1. Bohemia, é dicir, o estado checo no século XV, era un estado separado e independente, mentres o territorio de Eslovaquia de hoxe formaba parte integrante de Hungría. Un estado, un país co nome de Eslovaquia, simplemente non existía naquel entón. Ademais os checos e os eslovacos son dous pobos distintos que falan dúas linguas distintas, aínda que moi semellantes. Agora xa teñen tamén estados distintos, separados, independentes. O pobo eslovaco mesmo se formou no norte de Hungría a partir de poboacións moravas –que viviron xa no século IX na parte noroeste de Hungría, cando os húngaros conquistaron a súa patria–, e dos moravos, checos, polacos, rutenos (un pobo tamén eslavo, que hoxe é considera-

do tamén como ucraíno) que inmigraron nesta parte de Hungría. O nome do pobo eslovaco é coñecido só desde un diploma de 1458.

2. DCECH menciona o nome de *Budapest*. No século XV esta cidade non existía aínda; eran dúas cidades sepradas: 1) *Buda*, a capital de Hungría, a sede da corte, na beira dereita do Danubio e 2) separadamente, a cidade de *Pest*, na beira esquerda do mesmo río. As dúas cidades uníronse en 1870. En consecuencia, no século XV podemos falar só da *liña de coches Viena-Buda*.

3. Aínda que o nome *košice* [ˈkoʃitʃe] xa existía no século XV, estando en Hungría a cidade que levaba este nome ata a fin da primeira guerra mundial (1919) e despois outra vez entre 1938 e 1945, os habitantes desta localidade naquel entón eran húngaros e alemáns e o seu nome, por suposto húngaro, mencionado xa en 1230, non era *košice*, senón *Kassa* [ˈKaʃʃa]. En alemán, máis tarde, *Kaschau*. Esta cidade foi eslovaquizada só despois da segunda guerra mundial (1945), cando cerca de 100.000 húngaros foron expulsados de Eslovaquia e tamén de Kassa, cara a Hungría. Por esta razón, como se ve, cométese un erro se a situación política actual dun espacia xeográfico se reproxección séculos atrás. De todos modos, sería máis correcto mencionar: "... naquel entón *Kassa*, nordeste de Hungría (hoxe Košice, Eslovaquia)".

4. O nome do *coche-kocsi* en eslovaco, como vimos xa máis arriba, non é *koči*, senón *koč*.

5. O DCECH, sen ningunha correlación, menciona a *calesa* de orixe checa. É certo que esta palabra, a través da *calèche* francesa e da *kalesche* alemana, procede da *kolesa* checa. A pregunta só é: ¿que relación ten a *calesa* co *coche*? ¿Ou os autores do DCECH supoñen que, se a *calesa* é de orixe checa, entón tampouco *coche* pode ser húngaro? Mais a demostración da procedencia checa do *coche* falta completamente.

Podemos mencionar, a favor da orixe húngara do *coche*, que a poboación eslava do norte de Hungría —é dicir, os antepasados dos eslovacos de hoxe— viviu nunha rexión montañosa onde a xente era máis escasa ca nas rexións da chaira e dos outeiros, e ó mesmo tempo as posibilidades da comunicación aquí eran máis difíciles. Ademais a poboación eslava, que vivía na súa gran maioría nas montañas, era máis subdesenvolvida cá poboación húngara da rexión da chaira e dos outeiros onde se sitúa a localidade *Kocs*. Sen mencionar que esta estivo cerca de Buda, a capital do país, onde, por causa da comunicación intensiva, a necesidade das carruaxes era máis grande ca noutras rexións do país.

Como xa puidemos ver, o nome da carruaxe con catro rodas nos idiomas mencionados, polas trazas, é de orixe húngara. Isto demostrao o nome mesmo da localidade, a existencia aquí do cambio de coches xa no século XV, o nome *maxiar* deste vehículo en varias linguas do Cáucaso e na Asia Menor.

Aínda que os autores do DCECH coñecen seguramente os textos dos diplomas do século XV que se refiren ó *kocsi szekér* ‘carruaxe de Kocs’, podemos considerar que mencionalos aquí sería conveniente para demostrar que, non obstante, eles son concluíntes:

1493: “Item *Curriferis kochiensibus* qui de Buda huc Agriam¹ cum familia mea duxerunt” ‘carruaxe de kocs que de Buda para Eger etc.’; 1494: “Unum *Currum kochy*” ‘unha carruaxe de Kocs’.

A primeira mención auténtica da palabra *kocsi szekér* é de 1433.


Existe un dato tamén de 1267: “apparatibus bellicis super totidem *Cochy*” (‘instrumento de combate igualmente coche’), mais isto é un diploma falsificado. O ano da falsificación é descoñecido pero segundo o seu estilo, a súa redacción, é moi posible que sexa moi anterior á dos dous datos arriba citados.

Non demostra a procedencia eslovaca do *coche - kocse* o *koczi* citado dun texto alemán de *Kassa* (esl. Kočice). Como puidemos ver, naquel tempo a cidade estaba poboada por húngaros e alemáns. O fonema húngaro *cs* [tʃ] nos séculos XIII-XIV-XV etc. non tiña unha representación gráfica fixada, coma hoxe; concorrían varias grafías como o *ch*, *cz*, o *czh*, o *chy*, o *chi*, o *cyh*, o *ć*, o *c* e ademais o *L*. O *cz* era utilizado coa mesma frecuencia que o *ch*. É dicir, o *koczi* era outra forma húngara do *kocsi* e non ten nada que ver coa lingua eslovaca e, por suposto, está tamén relacionado coa localidade de *Kocs*.

O vehículo para pasaxeiros procedente do carro existía xa antes do reinado de Mátyás (rei de Hungría entre 1458 e 1490). El axilizou o transporte rápido de mercadorías e de pasaxeiros, sobre todo dende 1485, cando conquistou Austria e trasladou a súa corte de Buda a Viena. En 1518 o diplomático vienés Sigmund von Herberstein, viaxando de Viena a Moscova a través de Hungría, como el escribe, nun *Kotschi Wagen* ‘carruaxe de Kocs’, describiu detalladamente este vehículo que, segundo el, recibiu o seu nome dunha localidade que se sitúa a unhas dez millas de Buda.

El realmente, segundo os datos consensuais, o *Kocsi szekér* ‘carruaxe de Kocs’ (máis tarde simplemente *kocsi*) foi desenvolvido e perfeccionado polos artesáns da aldea *Kocs*. Porque aquí deuse non só un simple cambio de coches, senón que xa na época da dinastía dos Árpád (séculos X-XIII) nesta localidade viviron os máis ilustres constructores de carros de Hungría. No comezo do século XIV os artesáns de aquí aplicaron, por exemplo, a innovación que permitía guía-lo carro xirando só as rodas dianteiras. A superficie para a carga da *carruaxe de Kocs* era bastante grande; nela tiñan sitio tres pasaxeiros, o cocheiro e a equipaxe. Isto foi posible gracias ós paos (curtos) que apoiaban contra os dous lados da carruaxe. Os outros cabos dos paos apoiábanse nas cabezas dos eixes, que desta maneira non brandían, a pesar de seren máis delgados e máis lixeiros cós eixes dos carros coñecidos ata entón. Os dous paos fixeron posible que os lados da carruaxe fosen máis altos. De tal maneira o po e a lama non entraban no coche. Ó mesmo tempo os lados altos permitiron a aplicación de rodas máis grandes ca antes. Estas reduciron o rozamento, é dicir, o eixe duraba máis e á vez o co-

¹ *Agria* é o nome da cidade húngara, traducido naquel entón ó latín. En húngaro o seu nome foi -e hoxe tamén é- *Eger*.



Coche de Hungría (comarca de Heves)

che podía marchar cunha velocidade maior. Ademais as rodas grandes permitíanlle ó coche pasar os vaos, os camiños lameiros e areosos e reducir o abaneo e as vibracións do vehículo.

O coche cuberto achanzou o camiño do coche ó oeste, do que se desenvolveron as carrozas, os luxosos coches suspendidos.


A *carruaxe de Kocs*, o *coche*, fíxose famoso porque combinou o transporte dos pasaxeiros e das mercadorías coa rapidez. Os comerciantes do oeste levaron de Hungría non só as mercadorías, senón tamén a *carruaxe* mesma *de Kocs*. Os coches das pinturas dos pintores flamengos dos séculos XV-XVI (entre eles tamén Brueghel) dan testemuños do coñecemento da *carruaxe de Kocs*. Dende o século XV os vehículos flamengo-holandeses influíron na construción dos coches ingleses; así que estes, aínda nun pasado recente, mostraron tamén sinais do *coche* húngaro.

Tratando da procedencia do *coche - kocsi*, non podemos desconsiderar unha proba moi importante, unha proba máis, a favor da orixe húngara, que é simplemente –e a que os autores do DCECH negan sen ningún testemuño serio– o nome mesmo de *Kocs*, onde viviron os artesáns da carruaxe en cuestión. Esta localidade sempre estivo en Hungría e está tamén agora. E non noutro país. A pesar de que despois da primeira guerra mundial, “gracias” á paz de Trianon, Hungría perdeu dous tercios do seu territorio. Porque este nome, como puidemos ver –a excepción dos exemplos do Cáucaso e Asia Menor–, conservouse en tódolos idiomas segundo as leis fonéticas de cada un.

Por outra parte, a forma da palabra *Kocsi*, derivada do nome da localidade *Kocs* co sufixo adxectivo –i, argumenta tamén a súa orixe húngara. Este –i, que é igual cá preposición galega *de* (‘de Kocs’), ou cós sufixos galegos –an, –á (fisterrán/fisterrá), –ano, –no (asturiano),

-és (guardés) e que se conservou, como vimos, en varias linguas –en forma de *-e*, por exemplo no *coche* galego e castelán– é unha propiedade característica do húngaro e non existe nin no eslovaco nin noutros idiomas.

Finalmente sería interesante coñecer como poderían demostrar os autores do *Nuevo Diccionario Ilustrado SOPENA de la Lengua Española* (Ed. Ramón Sopena, Barcelona, 1990) a orixe turca do *coche* (como dá este dicionario). Porque, como se ve claramente, esta palabra, sen dúbida ningunha, procede do húngaro *kocsi*, igual có turco *koçu* (e non *cochi*), antigamente *koçi*.



BIBLIOGRAFÍA

A magyar nyelv történeti-etimológiai szótára ('diccionario histórico etimológico da lingua húngara'), vol. II., p. 514-515, vol. III., p. 772 (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1970, 1976).

Diccionario de la Lengua Española (Real Academia Española, Madrid, 1956, 1970, 1984, 1992).

Diccionario Enciclopédico ESPASA I (Espasa Calpe, Madrid, 1993).

Diccionario Xerais da Lingua (Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1993).

Dorogman, György: *Spanyol-magyar kéziszótár* ('diccionario castelán-húngaro'), p. 199 (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1992).

Eckhardt, Sándor: *Francia-magyar szótár* ('diccionario francés - húngaro'), vol. I (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1976).

Farkas, Vilmos: *Helyesírásunk hangjelölés-rendezerének története* ('historia da fonoloxía da nosa ortografía'), p. 43, 61-65. (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1971).

Kiss, Lajos: *Földrajzi nevek etimológiai szótára. A-K* ('diccionario etimológico dos nomes xeográficos'), vol. I., p. 695. (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1988).

Korai magyar történeti lexikon. IX-XIV. század ('enciclopedia histórica húngara temperá, siglos IX-XIV'), p. 376-377. (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1994).

Magyar Néprajzi Lexikon ('enciclopedia etnográfica húngara'), vol. III, p. 228-231. (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1980).

Magyar oklevélszótár ('diccionario húngaro de diplomas'), p. 509. (Hornayánszky Viktor, Budapest, 1902-1906).

Országh, László: *Angol-magyar kéziszótár* ('diccionario inglés-húngaro'), (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1966)

Szabó, István: *A magyarság élstrajza* ('a biografía dos húngaros'), p. 45-46. (Akadémiai Kiadó, Budapest, 1990).